



Castro da Torre



Vivenda do Castro

DISTANCIA 18,9 Km	TEMPO ESTIMADO 7h 20min	TIPO DE PERCORRIDO Circular		
ALTURA MÁXIMA 790 m	ALTURA MÍNIMA 444 m	DESNIVEL ACUMULADO 1145 m		
DIFICULTADE Media	HOMOLOGADA Si			
PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA Baldomir ou Folgoso do Courel				
ACCESO EN BICICLETA Non apto				
SERVIZOS É posible atopar un bar na aldea de Baldomir así como unha fonte na poboación de Sobredo. Na vila de Folgoso do Courel é posible atopar establecementos bancarios, restaurantes, tendas e diferentes sitios onde hospedarse.				
M.I.D.E.	Medio	Itinerario	Desprazamento	Esforzo
	1	2	2	3



A ruta parte da poboación de Baldomir e durante o primeiro tramo atrávesanse as poboacións da Pendella e O Touzón. Unha vez se chega á Ponte de Sudrios e se cruza o río Lóuzara, atopámonos a bifurcación da que parten os dous camiños que se poden empregar, sendo recomendable optar polo camiño da esquerda para a ida e volver posteriormente polo da dereita.

A partir deste punto o camiño comeza a ascender pola ladeira dereita do río Lor e poderemos desfrutar dunhas boas vistas panorámicas do profundo val. Seguiremos por este camiño ata chegar a aldea de Sobredo. Máis adiante atópase o Castro da Torre, recentemente escavado e un bo exemplo da influencia romana.

Deixando atrás o Castro da Torre o camiño descende cara o leito do río Lor ata o Pozo das Mulas, para logo pasar por debaixo de Folgoso. Finalmente voltaremos ó tramo inicial do sendeiro para regresar a Baldomir.

ACCESOS

Inicio en Baldomir: Dende Quiroga tomar a estrada LU 651 en dirección a Folgoso. Ao rematar Folgoso virar á esquerda en dirección Vilamor / Froxán pola estrada LU - P - 4701 e continuar ata cruzar unha pequena ponte despois de catro quilómetros.

Inicio en Folgoso: Dende Quiroga tomar a estrada LU - 651 en dirección a Folgoso.

PERCORRIDO

Baldomir, Pendella, O Touzón, Sobredo, Baldomir.

SINALIZACIÓN

Sinalización segundo a normativa de homologación da F.G.M. Existen paneis informativos en Baldomir e no albergue de Folgoso. Marcas de pintura realizadas en 2017.

PUNTOS DE INTERESE / CONTORNA

- Castro da Torre
- Canón do río Lor
- Folgoso do Courel

RECOMENDACIÓNS

Esta ruta é recomendable realizala en sentido horario, comezando polo sendeiro que se atopa ao oeste deixando así os desniveis negativos para o final da ruta. Recoméndase ascender ata o Castro da Torre e desfrutar das vistas panorámicas que nos ofrece.

MÁIS INFORMACIÓN www.folgosodocourel.es www.wikiloc.com

